

NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria
Ano 2011
Volume 18
Páx. 2-2

No **Editorial** deste número os Médicos de Familia Mozos reclaman o seu lugar no Sistema. Un sobresaliente para entrar en Medicina, aprobar o MIR, ampliar o MIR a 4 anos e despois que?. Que facemos con estes profesionais tan ben formados?.

Na sección **Que hai de novo en Saúde Pública** preséntase un estudo orixinal **sobre cobertura da vacinación antigripal en persoas de risco menores de 65 anos**. É unha clara mensaxe de alerta sobre a utilización desta vacina. Destácase información do **Plan de Prioridades Sanitarias de Galicia**, a presentación do **Mapa Interactivo de zonas de baño** e outras novas como actualización do cancro de mama, a vaga de calor ou o brote de E. Coli.

Dous **Orixinais**, unha profunda e interesantísima análise do **gasto sanitario público galego**, o seu reparto e a comparación co promedio de gasto das 17 CCAA, un documento especialmente útil nestes tempos. Unha **enquisa de satisfacción sobre a Escola de Lombo** indícanos a utilidade de buscar a medición da calidade da nosa actividade.

Para saber de... revisa, con utilidade práctica, a Osteonecrose mandibular e o uso dos bifosfonatos, tan de actualidade a cotío na consulta.

En **Habilidades e Terapéutica** neste número presentamos a primeira parte do **manexo dun paciente politraumatizado**, na serie do 061, un novo caso do visual e vivo **Ecomatrix** coa resolución dun novo caso na web e unha revisión da **infiltración ecodirixida** aproveitando un caso clínico.

Un novo documento en **Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico**, fíxandose neste caso nas consecuencias do manexo terapéutico intensivo que se recomendou na diabete (**Survival as a function of HbA1c in people with type 2 diabetes: a retrospective cohort study**. Currie CJ, Peters JR, Tynan A, Evans M, Heine RJ, Bracco OL et al. *The Lancet*).

En **Colaboración** editamos de novo, adaptando o contido ao tempo de edición, o traballo do profesor asociado de Ciencias da Saúde Ricardo Iglesias, no que revisa a **situación da medicina de familia no plan de estudos de medicina** e a súa presenza como materia obrigatoria co Plan Bolonia. No anterior número publicouse incompleto por un erro de edición. Tamén nesta sección editase un documento elaborado polos membros, que acordaron asinar, da

Comisión de Seguimento do Plan de Mellora de Atención Primaria, sobre a **situación da atención primaria en Galicia**.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos**, con catro novos casos, sección tan apreciada polos lectores, e con moitos casos esperando para ser publicados.

Iniciamos **unha nova sección**, na que se vai presentar pouco a pouco a **actualización dun coñecido manual de urxencias, "ABCDE en Urgencias Extrahospitalarias"**, un libro coordinado polos médicos de familia Marina Pérez Tenreiro, Emiliano Fernández-Obanza Windscheid, Plácido Mayán Conesa e Ricardo Calvo López. Agradecemos aos autores a dispoñibilidade deste excelente material formativo para a revista. Os contidos do libro abordan científica e profesionalmente a Urxencia situándose na pel do médico de familia, de aí a súa actualidade, utilidade e cercanía. A sección, da que se encargará na revista Emiliano Fernández-Obanza, vai tamén na liña de incrementar a presenza de contidos referentes a Urxencias, de acordo co interese de moitos médicos de familia, sobre todo mozos, que traballan neste ámbito de atención primaria. Neste número trátanse o manexo do **síndrome coronario agudo e da insuficiencia cardíaca**.

Tamén se publica en **Cartas ao Director** unha nota sobre o orixinal publicado no número anterior, de Regal López et al **"Evaluación nutricional y de calidad de vida de la 3ª edad de Ribadeo, propuesta de un protocolo de intervención**. Cadernos de atención primaria vol. 17,243-246", avanzando a información dun traballo similar que están realizando na Limia.

Agradecemos o uso por parte dos lectores da sección **Espazo para o Debate**, libre e profesional, sobre a atención primaria. Neste número preséntanse tres traballos: **Patas Negras**, sobre os baremos, A situación da **Fisioterapia en Atención Primaria** e a análise do **Acordo de Xestión, dos obxectivos, 2011**.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** na que nos acercan á figura de **Nóvoa Santos e a idea de Deus** e o nacemento das **Sociedades de Socorros Mutuos** en Santiago. Finalmente, dedicamos un pequeno espazo da revista, **unha serie coordinada por Pablo Vaamonde**, á recuperación para a nosa memoria individual e colectiva de personaxes e organizacións da sanidade galega que sufriron a represión e en moitos casos a morte. Personaxes e organizacións que forman parte da nosa **memoria histórica**.